

Rúbrica para informe dun alumno/a

	1. Baixo	2. Regular	3. Aceptable	4. Bo	5. Excelente
1. Expresión oral e escrita	Poucas veces expresa ideas con usos gramaticais correctos. Pouca frecuencia no uso do vocabulario apropiado ao contexto.	Estrutura gramatical algo deficiente e non sempre usa o vocabulario axeitado ao contexto polo que resulta pobre.	Exprésase con coherencia e fluidez, pero ten erros na linguaxe. Non controla moitos rexistros.	Exprésase con precisión, coherencia e fluidez sen erros gramaticais e usa unha linguaxe apropiada ao contexto.	Exprésase con claridade, precisión, fluidez e demostra un alto dominio do vocabulario e estilo propio.
2. Capacidade de análise	Poucas veces ou ningunha identifica as ideas principais e secundarias. Non comprende nin a idea global	Ten unha idea moi básica do texto sen matices.	Recoñece e discrimina ideas principais e secundarias identificando unha estrutura, pero carece de riqueza relacional	Discrimina e identifica unha estrutura sendo quen de establecer relacións entre as partes	Recoñece facilmente unha estrutura, sendo quen de establecer relacións e facer unha elaboración persoal axeitada e rica
3. Capacidade de síntese	Poucas veces ou ningunha comprende polo que a súa capacidade de resumir o esencial fracasa	É quen de captar algunha relación, pero adoita ser incompleta	Habitualmente resume de xeito correcto, pero moi apegado á literalidade do estudado	Capta as ideas esenciais e as integra con outros procesos de xeito correcto, pero pouco persoal.	Capta as ideas esenciais e as integra con outros procesos dun xeito creativo e persoal
4. Capacidade dedutiva	Poucas veces ou ningunha deriva outros enunciados a partir do estudado	Algunha vez deriva algún enunciado a partir dos coñecementos básicos	Habitualmente é quen de sacar enunciados a partir do estudado na materia, pero non é quen de conectar a outros campos do saber	Sempre extrae enunciados a partir da materia estudada e os conecta con outros afíns	Sempre extrae enunciados a partir da materia estudada e os conecta con outros afíns e con aportacións persoais moi creativas
5. Capacidade de argumentación	Poucas veces ou ningunha é quen de producir un argumento	Algunha vez produce argumentos, pero adoitan ser incompletos e un tanto simplistas	Habitualmente é quen de xustificar unha resposta, pero presenta pouca riqueza	Sempre xustifica sen dificultade e con argumentos ben traídos e variados	Destaca pola súa riqueza argumental, pola súa orde e por non deixar ningún cabo solto acudindo a coñecementos afíns.
6. Memoria comprensiva	Pouca capacidade para lembrar o que le, escoita ou ve. Ademais fáltalle comprensión	Ten unha memoria moi incompleta. Algunhas veces queda algo, pero mal conectado	Lembra os coñecementos básicos da materia, pero carece de profundidade. Chega sen problemas aos mínimos	Comprende e retén os coñecementos principais e secundarios sen problemas	Comprende e retén con alta precisión todos os coñecementos e establece as axeitadas conexións
7. Creatividade	Semella non ter curiosidade ningunha. Moita confusión de ideas e pouca autoestima	Asocia as ideas sen ningún tipo de rigor e fai xeneralizacións constantemente. Carece de iniciativa	Reproduce os esquemas habituais. Cústalle moito producir algo propio. Evita as ideas sen rigor.	Hai reflexión e actitude crítica na súa produción. Hai variedade e precisión nas ideas aportadas.	Destaca pola súa riqueza, precisión e orixinalidade. Goza producindo ideas e plantexando novas conexións nas ideas.
8. Traballo en equipo	Non adoita ser de moita axuda, mesmo molesta. Espera que os demais lle resolvan o problema	Non sabe tirar proveito do traballo colaborativo porque resulta pouco organizado e mesmo distrae. Retrasa aos demais na resolución dos problemas	Cumpre, pero sen amosar moito entusiasmo. Non crea conflitos	Boa disposición ao traballo grupal. Participativos, organizados, saben escoitar.	Son os líderes naturais que saben sacrificarse polo éxito do grupo. Escoitan, axudan, orientan, coordinan